

SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 25 DE NOVIEMBRE DE 2.011

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e trinta e oito minutos do día 25 de novembro de dous mil once, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario Titular, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D. Antonio López Pérez, D^a Pilar Méndez Lombao, D^a María Begoña Seco Varela, D. Serafín Vázquez Arias, D. Jesús Fernández García, Dona María José Martínez Vigo, D. Miguel Ángel López Varela, D. José Manuel Carral Méndez e D. Arcadio Lombao Román,, co obxecto de celebrar a presente sesión extraordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO EXERCIZO 2011. SUPLEMENTO DE CRÉDITO

Iníciase o debate coa exposición do sr. Alcalde da seguinte proposta de resolución:

“A necesidade de facer fronte as obrigas e ós gastos que os distintos departamentos xestores estiman urgentes e inaplazables e que non teñen crédito dabando no Orzamento de 2011, obriga á aprobación dun expediente de modificación de crédito.

Visto o expediente que se achega e tendo en conta que , de conformidade coas disposición vixentes cando deba realizarse algún gasto para o que non exista crédito no Orzamento vixente, ou sexan insuficientes as dotacións previstas, a Corporación poderá acordar unha concesión de crédito extraordinario no primeiro dos casos e un suplemento de crédito no segundo, visto que a normativa vixene establece que as modificacións de créditos poderán atenderse co remanente líquido de Tesourería procedente do exercicio anterior, entre outras, e tendo en conta que o Concello de Outeiro de Rei dispón de Remanente líquido de Tesourería dispoñible para gastos xerais ,

Esta Alcaldía, có debido asesoramento dos técnicos municipais, ten a ben propoñer informe favorablemente á seguinte proposta para a súa elevación ó Concello Pleno:

PRIMEIRO.- Aproba.lo expediente de modificación de créditos n. 1/2011 de créditos de extraordinarios e de suplementos de créditos , financiados mediante remanente líquido de tesourería por un total de .202000,00 € que se compón de dous apartados distintos e que presenta o seguinte detalle:

ESTADO DOS GASTOS

a) CREDITOS EXTRAORDINARIOS:

45	210	Reparacións infraestructuras s.xerais	30.000,00 €
		TOTAL	30.000,00 €

b) SUPLEMENTOS DE CREDITOS

Partida	Credito	suplemento	Cr.definitivo	
16.227	Suministros, material bienestar comunita.	300.000,00€	50.000,00 €	350.000,00€
24.220	Material funxible, suministros f.emplo	4.000,00 €	3.000,00 €	7.000,00 €
32.227	Traballos outras empresas educación	50.000,00 €	40.000,00 €	90.000,00 €
33.220	Material, suministros cultura	40.000,00 €	40.000,00 €	80.000,00 €
92.220	administración xeral	85.000,00 €	39.000,00 €	124.000,00 €
	TOTAL		172.000,00 €	

RESUMEN XERAL DO EXPEDIENTE:

CREDITOS EXTRAORDINARIOS	30.000,00 €
SUPLEMENTOS DE CREDITOS	172.000,00 €
TOTALES	202.000,00 €

ESTADO DOS INGRESOS

FINANCIACION

CONCEPTO	DENOMINACION	IMPORTE
870.00	Financiación créditos extraordinarios	30.000,00
870.01	Financiación suplementos de crédito	172.000,00
	TOTAL FINANCIACION	202.000,00 €

SEGUNDO.- Expoñe-lo presente acordo ó público por un periodo de 15 días hábiles, para que os interesados lexitimados poidan presentar as reclamacións que consideren oportunos. De non presentarse reclamacións no periodo de exposición pública o acordo entenderase elevado a definitivo”.

O Alcalde remata afirmando que estas modificacións son necesarias para o normal funcionamento dos servizos, polo que propón a súa aprobación.

O voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, pregunta a qué gastos concretos vai destinada esta financiación, xa que o incremento dalgunha das partidas é importante, chegando a duplicar a consignación inicial.

Por exemplo, a necesidade de incrementar a partida relativa a reparación de infraestructuras deberase a un gasto realizado nunha infraestructura concreta, e solicita que lle sexa aclarado este punto.

Por outra banda, recorda que o anterior orzamento aprobouse fai dous ou tres meses, polo que a presente modificación non ven senón a confirmar a falla de previsión do equipo de Goberno municipal.

O voceiro do BNG ratifica as palabras do voceiro do PSdG-PSOE, e advirte que a suma das contías parciais do expediente non coincide coas magnitudes totales do mesmo. Se ben a diferenza é pequena, un mínimo rigor esixiría que as contas estivesen ben feitas, polo menos, na suma dos compoñentes da liquidación do orzamento.

O Alcalde confirma a necesidade de que cuadren perfectamente as contas e solicita ao Secretario que, unha vez correxido este erro, se informe debidamente a tódolos concelleiros.

A continuación explica as partidas ás que se adicará a financiación, e no relativo aos camiños informa que, en tanto se tratan de suministros, non se adican a un camiño determinado, senón ao conxunto da actuación da brigada municipal.

Asemade explica que, cando se fixo o orzamento, axustáronse moito as partidas coa finalidade de conter o gasto. O que sucede e que o gasto non se puido conter tanto nalgúns servizos como se preveía e, por outra banda, cando as partidas están tan axustadas é moi difícil que as previsións se correspondan exactamente coa execución o que explica esta modificación.

O voceiro do BNG vé nesta modificación unha manifestación da imprevisión do goberno municipal na confección do orzamento, e recorda que, a estas alturas, en troques de presentar unha modificación deberían estar a presentar o orzamento do ano 2012.

Asemade parécelle perigoso que, tras esta modificación, o Concello quede sen remanente líquido de tesourería.

O voceiro do PSdG-PSOE volta a preguntar sobor a natureza dos gastos aos que se adicará a nova financiación, así como se se inclúen gastos de persoal.

O Alcalde volta a respostar a qué se adicará a financiación, así como que a partida de reparación de camiños ten por obxecto mercar material como area, bituminosas, etc..., que se emprega na actuación da brigada municipal por todo o Concello, pero non se pode decir se esta area vai a ir íntegramente para este ou aquel camiño, xa que é un acopio que se vai consumindo en función das necesidades e no funcionamento normal do servizo.

No que se refire a que o Concello debería estar presentado o orzamento, o Alcalde contesta que, como debería saber o voceiro do BNG, unha parte moi importante

dos ingresos locais proceden de transferencias do Estado e Comunidades autónomas, polo que ata que estas administracións non aproban os seus orzamentos non é posible saber con qué importe contará o concello para facer un orzamento mínimamente riguroso.

Esto xa explica o feito de que os orzamentos do Concello se presenten normalmente nos primeiros meses do ano, pero este ano a situación é especialmente preocupante, xa que o Goberno do PSOE non foi quen de facer os orzamentos xerais do Estado, polo que se retrasan os tempos todavía máis.

E se a isto engadimos as continuas reducións da financiación local por parte do Estado nos últimos exercizos, conclúese que non se pode saber a día de hoxe cal será a aportación do Estado no ano 2012, o que fai difícil confeccionar o orzamento.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de modificación transcrita.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor e tres abstencións, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do PSdG-PSOE e BNG.

E non habendo máis asuntos a tratar, o sr. Alcalde levanta a sesión, sendo as trece horas e cincuenta e seis minutos, da que eu, Secretario, extendo o presente acta.

O Secretario

VºBº; O Alcalde